ESQUEMA CRONOLÓXICO DA HISTORIA DE GRECIA

Bronce Medio 2000.-1600 a.C

•Chegada dos primeiros poboadores Gregos
•Desenvolvemento da cultura minoica (cretense):
-Dominio do mar (= talasocracia)
-Rei con poderes políticos e relixiosos
-Escritura lineal A

Época Micénica 1600-1100 a.C.

•Chegada dos primeiros poboadores indoeuropeos
•Conquistan Creta
•Lingua grega. Escritura lineal B
•Grandes palacios. Monarquía. Sociedade guerreira (Guerra de Troia)
•Expansión comercial polo Mediterrráneo
•Destrución dos palacios no 1100a.C polos dorios.

Idade escura 1100-800 a.C

•Invasión do pobo dorio
•Época de decadencia
•Desenvolvemento da metalurxia
•Primeiras colonizacións en Asia Menor e nas illas orientais do Mar Exeo

Época arcaica 800-500 a.C

•Aparición do alfabeto e codificación de leis escritas
•Colonizacións: Magna Grecia
•Desenvolvemento das *poleis*
•Aparición da moeda
•Sete sabios. Nacemento da filosofía
•Grandes *poleis*: Atenas e Esparta

Época clásica 500-323 a.C

•Século V:
-490-479 a. C.: Guerras médicas
-Pericles
-431- 404 a. C.: Guerras do Peloponeso
-Grandes manifestacións culturais

•Século IV:
-Diversidade hexemónica(Esparta, Tebas, Atenas)
-Macedonia: Filipo II e Alexandre Magno
-Pensadores:Platón e Aristóteles.
-Oratoria: Demóstenes

Época helenística 323-146 a.C

•323 a. C. Morte de Alexandre
•Desmembramento do Imperio de Alexandre
•Helenización dun gran territorio
•Lingua unitaria: *koiné dialectós*
•Orientalización cultural e avance das ciencias: Matemáticas e Astronomía
•Inicio da dominación romana coa batalla de Pidna (168 a. C)
•146 a.C cae Corinto en mans de Roma e Grecia queda sometida á autoridade romana

Época helenístico - romana 146 a.C-395 d.C

•Helenización de Roma: "*Grecia, vencida, cativou ao seu vencedor*"
•Grecia é unha provincia romana
•395 d.C. División do Imperio romano en dous: Oriente e Occidente (Grecia queda no bloque de Oriente e a súa capital é Constantinopla)